



A Pobra do Caramiñal

1 Manuel M<sup>a</sup>. Durán Guillán, concelleiro do grupo municipal do partido popular neste concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte moción relativa a sinalización de prazas de estacionamento para coches con recém nados.

## ESPOSICION DE MOTIVOS

Cada vez son máis visibles nas zonas de estacionamento de diversos centros públicos, prazas reservadas para vehículos que levan bebés, mulleres embarazadas, familias numerosas, etc. Nesta proposta queremos referirnos a algúns destes grupos: Coches nos que se despracen mulleres embarazadas, que necesitan un espazo máis amplo para a súa mobilidade, ou coches que levan bebés, e que polo tanto precisan de prazas de estacionamento máis amplas para poder aparcar e baixar do vehículo con total seguridade.

Entendemos que dende a administración devense adoptar as medidas precisas que faciliten o día a día das familias, encamiñadas a mellorar a seguridade dos menores e das persoas.

A Pobra do Caramiñal

As zoas próximas a centros sanitarios, garderías infantís, comerciais, deberían dispor de prazas con sinalización específica, que lles deran preferencia no seu uso durante as horas nas que se presta ese servizo.

Por elo propónse o pleno a adopción do seguinte acordo:

- Creación con sinalización específica e ancho preciso de prazas de aparcamento para ese colectivo de persoas, no centro de saúde, garderías, instalacións deportivas, etc.

A Pobra do Caramiñal, 16 de Novembro de 2018.

  
Manuel Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA  
DO CARAMIÑAL**